

VALENTIN GONZALEZ FORMOSO
Data e hora: 03/06/2025 13:56

ROSA ANA GARCÍA LÓPEZ
Data e hora: 27/05/2025 16:32

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA
CORUÑA
Data e hora: 03/12/2025 10:02

Validación de documentos:
<https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=405dbdc344d7d38be4c826b7b857ab8575a12abd>
Código:
405dbdc344d7d38be4c826b7b857ab8575a12ab

<https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=2b0c7c3e530d96fde58fae13b164a49f>

Validación de documentos:
<https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=2b0c7c3e530d96fde58fae13b164a49f>
Código:
2b0c7c3e530d96fde58fae13b164a49f3371



ASUNTO: Proposta conxunta de reorganización dos servizos de Promoción Económica, Turismo e Emprego, e Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica así como das Comisións Informativas Permanentes vinculadas.

Vistas as propostas de modificacións da RPT 2025, presentadas polo Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego e polo Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica, plantéxase pola presidenta da Comisión de sectores produtivos Mar e Medio Rural, Cristina Capelán Cancelo, e pola presidenta da Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente, Rosa Ana García López, a presente proposta conxunta de reorganización de ambos os dous servizos.

En relación á proposta que nos ocupa, sinálanse os seguintes **ANTECEDENTES**,

1.- DENOMINACIÓN E COMPOSICIÓN ACTUAL DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES VINCULADAS AO SERVIZO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, TURISMO E EMPREGO E AO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E TRANSICIÓN ECOLÓXICA

Na sesión Plenaria de Organización do 27 de xullo de 2023 acordouse aprobar a creación, composición e réxime de Sesións das Comisións Informativas Permanentes desta Deputación.

Así, vinculadas ao Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego, quedaron establecidas as seguintes comisións :

- **Comisión de sectores produtivos Mar e Medio Rural**, cuxas atribucións son:

Fomento e promoción de temas relacionados cos distintos sectores produtivos, apoio e protección ao sector pesqueiro, acuicultura e cultivos mariños, fomento agropecuario, agricultura, gandería e fomento do asociacionismo. Asemade, asuntos relacionados coa prestación e desenvolvemento de servizos supramunicipais ou comarcais, sinaladamente os Grupos de Emerxencias Supramunicipais e Protección Civil. Así mesmo, todo o relativo as axudas en materia de socorrismo.

A presidenta da dita comisión é a deputada Cristina Capelán Cancelo, do Grupo Provincial Socialista.

A secretaría está asignada á xefatura de servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego.

- **Comisión de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria**, cuxas atribucións son:

Promoción e dinamización turística, promoción de xeodestinos da provincia e turismo de calidade, feiras e eventos de visibilización turística da provincia e posta en valor dos recursos turísticos así como o fomento e a promoción de temas relacionados co apoio ao pequeno comercio, prestación de servizos de proximidade, modernización e instalacións comerciais e similares.

O presidente da dita comisión é o vicepresidente, Xosé Regueira Varela, do Bloque Nacionalista Galego.

A secretaría está asignada á xefatura de servizo de Promoción Económica, Turismo e

Emprego.

Asimesmo vinculouse ao Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica, a seguinte comisión:

- **Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente**, que ten as seguintes atribucións:

Enerxía, transición ecolóxica, cambio climático e crecemento sostible, mobilidade, reto demográfico, fixación de poboación, desenvolvemento rural, estratexias territoriais, plans e programas de fomento do emprego, emprendemento, proxectos con financiamento europeo, apoio ao tecido empresarial, desenvolvemento cara ao exterior e internacionalización dos sectores produtivos, migración, solidariedade internacional, axudas ao desenvolvemento e ODS, planificación estratéxica, etc. Ademais, estudarán, con carácter residual, todos aqueles asuntos non atribuídos expresamente a outra comisión informativa permanente.

A presidenta da dita comisión é Rosa Ana García López, do Grupo Provincial Socialista.

A secretaria de dita comisión está asignada á xefatura de servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica.

2.- ESTRUCTURA ACTUAL DO SERVIZO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, TURISMO E EMPREGO

Na actual RPT- Cadro de Persoal e Organigrama 2025, o Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego, estrutúrase na Sección de Promoción Económica e Emprego e na Sección de Promoción e Desenvolvemento Turístico:

SERVIZO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, TURISMO E EMPREGO			
POSTOS ACTUAIS	CATEGORÍA	CÓDIGO DE POSTO	NIVEL
Xefatura de Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego Vacante por xubilación	A1	1.1.362.1	29 Xornada d especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total
Técnico/a Xestión de Proxectos Mónica Freire Sánchez Interinado c/ reserva de Sofía Agrafojo Rey	A1	1.1.70.1	24
1. SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO			
Xefatura de Sección de Promoción Económica e Emprego Dolores Sánchez González	A1/A2	1.1.351.1	25 Libre dispoñibilidade
Xefatura de Negociado Promoción Económica Cristina Ballesteros Longueira Comisión de Servizos c/ reserva de Paula Romay	A.1/A2/B/C1	1.1.220.1	22 Libre dispoñibilidade (a transformar)
Técnico/a de Xestión Admón Xeral María López Boado	A2	1.1.178.30	22



Administrativo/a Admón Xeral Cristina Ocampo Acuña	C1	1.1.15.40	20
Auxiliar Admón. Xeral Vacante por xubilación Noemí Casas Pedreira Interinado	C2	1.1.3.132	17
2. SECCIÓN DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO			
Xefatura de Sección de Promoción e Desenvolvemento Turístico Teresa Loureiro Ventureira	A1/A2	1.1.363.1	25 Libre dispoñibilidade
Técnico/a de Xestión de Proxectos Paula Cabado Brea	A1	1.1.70.5	24 Plena dispoñibilidade
Técnico/a Xestión Económico- Financeira Luis Candal Fariña	A2	1.1.32.7	22
Técnico/a de Turismo Silvia Pérez Fraga Interinado	A2	1.1.432.1	22 Plena dispoñibilidade
Técnico/a de Turismo Ángel Eiroa Pose Interinado	A2	1.1.432.2	22 Plena dispoñibilidade

3.- ESTRUCTURA ACTUAL DO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E TRANSICIÓN ECOLÓXICA

O Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica, tal e como figura na actual RPT- Cadro de Persoal e Organigrama 2025, estrutúrase na Sección de Desenvolvemento Territorial, Cooperación e Medio Ambiente e na Sección de Coordinación de Proxectos Técnicos.

SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E TRANSICIÓN ECOLÓXICA			
POSTOS ACTUAIS	CATEGORÍA DO POSTO	CÓDIGO DE POSTO	NIVEL
Xefatura de Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica Manuel Vázquez Sesmonde	A1	1.1.349.1	29 Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total



Técnico Superior de Unión Europea Pilar Piñeiro Filgueiras (Adscrita ao Servizo por RP núm. 2025/4641 de 04/02/2025)	A1	1.1.46.1	24
1. SECCIÓN DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL, COOPERACIÓN E MEDIO AMBIENTE			
Xefatura de Sección de Desenvolvemento Territorial Cooperación e Medioambiente José Manuel Sambad Mato	A1/A2	1.1.350.1	25 Libre dispoñibilidade
Técnico/a Xestión de Proxectos Vacante c/ reserva de M. ^a Luisa Lista Ameneiro	A1	1.1.70.2	25 Plena dispoñibilidade Coordinación
Técnico/a Xestión de Proxectos Nuria Rodríguez González	A1	1.1.70.3	24
Técnico/a Xestión de Proxectos María del Carmen Villar Rodríguez	A1	1.1.70.4	24
Técnico/a Xestión de Proxectos Vacante c/ reserva de Alba López Picos	A1	1.1.70.6	24
Técnico/a Xestión de Proxectos Esther Reíllo Domínguez	A1	1.1.70.7	24
Técnico/a Xestión de Proxectos Sofía Sanesteban Beceiro	A1	1.1.70.8	24
Técnico/a Xestión de Proxectos José Carlos Díaz García Interinado	A1	1.1.70.9	24
Técnico/a de Xestión Admón Xeral Ángeles Fernández Purriños	A2	1.1.178.23	22
Técnico/a de Xestión de Admón Xeral Manuel Mariño Blanco	A2	1.1.178.20	22
Técnico/a de Xestión de Admón Xeral María José Coira López Interinado	A2	1.1.178.58	22
Técnico/a de Xestión de Admón Xeral Cristina Méndez Gallart Interinado	A2	1.1.178.59	22

**Deputación
DA CORUÑA**

Administrativo/a Admón Xeral Vacante (reserva en comisión de servizos de Lelia Rumbo Rigal)	C1	1.1.15.217	20
Administrativo/a Admón Xeral Yolanda María Maquieira Vales Comisión de Servizos	C1	1.1.15.57	20
2. SECCIÓN DE COORDINACIÓN DE PROXECTOS TÉCNICOS			
Xefatura de Sección Coordinación de Proxectos Técnicos Mª Luisa Lista Ameneiro Comisión de Servizos	A1/A.2	1.1.352.1	25 Libre dispoñibilidade
Técnico/a en Planificación Enerxética María Rosario Méndez Gil	A1	1.1.458.1	24 Libre dispoñibilidade
Técnico/a en Enerxías Renovables Vacante (con reserva por servizos especiais de José Manuel Golpe Acuña)	C1	1.1.459.1	21 Libre dispoñibilidade Condución habitual
Administrativo/a Admón. Xeral Eva Ríos Silveira	C1	1.1.15.222	20 Atención continua ao público

No que se refire ás competencias e actividades, no servizo de **Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica** destacan especialmente o **Plan de Emprego Local, PEL** e a **Oficina Next Generation** de A Capela, financiados exclusivamente con fondos propios da entidade provincial; e a **Oficina Acelera Pyme Rural Deputación da Coruña**, en Ponteceso; o proxecto **Ecosistema Dixital do Sector Audiovisual de Galicia (EDAGA)-Coruña Estudo Inmersivo (CEI)**, cofinanciados con Fondos Next Generation do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), a **Oficina de Transición Enerxética-OTE** para o impulso da transición enerxética da provincia e a contribución á transformación do sistema cara un modelo de produción, consumo e desenvolvemento da sociedade que sexa compatible cunha economía máis sustentable e respectuosa co medio ambiente. Tamén estanse a poñer en marcha dous importantes proxectos:

1º. **PEL_ACTIVA**, proxecto de formación para o emprego, promovido pola Deputación para contribuír á inclusión social de persoas desfavorecidas na provincia da Coruña, facendo especial fincapé nas zonas de reto demográfico, financiado polo FSE+.

2º. **CONECTA_RURAL**, incluído no Programa “Reto Rural Dixital”, que se dirixe a proxectos de capacitación dixital no medio rural, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

O exposto pon de manifesto o crecemento experimentado polo Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica, un crecemento considerable en canto ao volume de áreas de traballo e á importancia que ten adquirido na promoción socioeconómica da provincia, a nivel de emprego, de apoio a sectores estratéxicos e de colaboración con entidades sen ánimo de lucro e do terceiro sector. Competencias e funcións estas que na estrutura organizativa provincial actual corresponden ao Servizo de Promoción Económica, Turismo e



Emprego, e concretamente á Sección de Promoción Económica e Emprego, pero que na práctica veñen sendo asumidas polo Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica.

Neste sentido convén mencionar, no que se refire ao servizo de **Promoción Económica, Turismo e Emprego**, a competencia que corresponde a promoción económica e emprego, que desenvolve tamén un amplo traballo, o que se manifesta nas súas convocatorias de programas de subvencións dirixidas:

- A agrupación, asociacións e asociacións de agrupacións de voluntarios de protección civil da provincia da Coruña para actividades e para investimentos
- A entidades lucrativas para o apoio ao desenvolvemento de festivais musicais na provincia da Coruña
- A entidades sen ánimo de lucro para a realización de investimentos de promoción económica
- A concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia da Coruña para a realización de actividades de promoción económica
- En fomento pesqueiro dirixido ás confrarías de pescadores, federacións provinciais de confrarías de pescadores, agrupacións de mariscadoras e mariscadores da provincia da Coruña para actividades
- En fomento pesqueiro dirixido ás confrarías de pescadores e agrupacións de mariscadoras da provincia da Coruña para investimentos
- De agricultura, ás entidades asociativas agrarias e labregas da provincia da Coruña para actividades
- Ás entidades asociacións, federacións e agrupacións de asociacións de cazadores da provincia da Coruña para actividades
- Ás entidades asociativas agrarias e labregas da provincia da Coruña para investimentos
- A entidades para actividades de promoción económica
- A entidades para investimentos de promoción económica
- Ás organizacións agrarias e labregas da provincia
- A concellos da provincia en materia de socorrismo.

Tamén debe considerarse o Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, co que se procura ofrecer unha cobertura integral ante as situacións de emerxencia, tanto dende o punto de vista territorial como poboacional, nos concellos da nosa Provincia.

Todo o anterior conduce á necesidade de repensar e reestruturar o organigrama actual, co obxecto de aproveitar as estruturas provinciais e os recursos existentes así como co afán de optimizar os resultados evitando a duplicidade de competencias a nivel interno, favorecer unha mellor coordinación de todas as iniciativas e proxectos de desenvolvemento socioeconómico da provincia, dende o enfoque do crecemento en termos de sostenibilidade, e co gallo de reforzar áreas de traballo de crecente importancia para a provincia.

Por isto considérase de importancia redimensionar o Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica, de acordo coas súas competencias e funcións, e reforzar a súa estrutura cos medios humanos suficientes para o seu desempeño.



Á vista do anterior e coa finalidade de reestruturar o organigrama actual, realízase a seguinte

PROPOSTA

1. Traspasar a Sección de Promoción Económica e Emprego ao Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica.

Este traspaso, ademais da asunción plena das competencias e funcións da dita Sección por parte do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica, implica o traspaso do seguinte persoal técnico:

Xefatura de Sección de Promoción Económica e Emprego Dolores Sánchez González	A1/A2	1.1.351.1	25 Libre dispoñibilidade
Xefatura de Negociado Promoción Económica Cristina Ballesteros Longueira Comisión de Servizos c/reserva de Paula Romay	A1/A2/B/C1	1.1.220.1	22 Libre dispoñibilidade (a transformar)
Técnico/a de Xestión Admón Xeral María López Boado	A2	1.1.178.30	22
Auxiliar Admón. Xeral Noemí Casas Pedreira Interinado	C2	1.1.3.132	17

2. Cambiar a denominación do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica, por **Servizo de Desenvolvemento Territorial, Sectores Produtivos, Emprego Sostible e Transición Ecolóxica**.

3. Cambiar a denominación da xefatura de Sección de Promoción Económica e Emprego, por **Sección de Sectores Produtivos Mar e Medio Rural**.

4. Cambiar a denominación da xefatura de Sección de Desenvolvemento Territorial, Cooperación e Medio Ambiente, por **Sección de Transición Ecolóxica e Cooperación**.

5. Cambiar a denominación da xefatura de Sección de Coordinación de Proxectos Técnicos por **Sección de Desenvolvemento Territorial e Coordinación de Proxectos**.

6. Crear a **Sección de PEL/ Emprego Sostible**

7. Asignar á xefatura de Sección de Desenvolvemento Territorial e Coordinación de Proxectos os factores seguintes:

Factor IV DEDICACIÓN- Subfactor IV.A- Xornada de especial dedicación

Factor IV.B DISPOÑIBILIDADE- Dispoñibilidade total

Factor VI. RESPONSABILIDADE- Coordinación. Por Resolución da Presidencia número 2016/22248 de data 22 de setembro de 2016, pola que se dispón a coordinación de actividades do Programa de Emprego Local (PEL), nomeouse a María Luisa Lista Ameneiro,



coordinadora das actividades do dito Programa.

8. Transformar o posto código 1.1.70.3, de Técnico de xestión de proxectos (A1), nunha **xeatura de departamento de Transición Ecolóxica e Cooperación**, dependente da Sección de Transición Ecolóxica e Cooperación.

9. Transformar o posto código 1.1.70.4, de Técnico de xestión de proxectos (A1), nunha **xeatura de departamento de Desenvolvemento Territorial e Coordinación de Proxectos**, dependente da Sección de Desenvolvemento Territorial e Coordinación de Proxectos.

10. Transformar o posto código 1.1.70.7, de Técnico de xestión de proxectos (A1), nunha **xeatura de departamento de PEL/ Emprego**, dependente da Sección de PEL/Emprego.

11. Transformar o posto código 1.1.220.1, de xefatura de negociado de Promoción Económica, nunha **xeatura de departamento de Sectores Produtivos Mar e Medio Rural**.

12. Transformar o posto código 1.1.46.1, de Técnico superior de Unión Europea (A1), en **Técnico de xestión de proxectos** (A1). De conformidade co disposto na Resolución da Presidencia número 2025/4641, de 4 de febreiro, pola que se adoptan medidas derivadas da resolución non maco de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Comisión Europea do proxecto ES09-101034550- EUROPE DIRECT.

13. Transformar o posto de Técnico superior de Unión Europea (A1), código 1.1.46.3, en **Técnico de xestión de proxectos** (A1), pasando a depender do Servizo de Desenvolvemento Territorial, Emprego e Transición Ecolóxica, de conformidade co disposto na Resolución da Presidencia número 2025/4641, de 4 de febreiro, pola que se adoptan medidas derivadas da resolución non maco de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Comisión Europea do proxecto ES09-101034550- EUROPE DIRECT.

14. Transformar a RPT no relativo aos factores asignados ao posto de Técnico/a Xestión de Proxectos, 1.1.70.2, quedando como segue:

Onde di:

Técnico/a Xestión de Proxectos Vacante c/ reserva de M. ^a Luisa Lista Ameneiro	A1	1.1.70.2	Plena dispoñibilidade Coordinación 25
---	----	----------	---

Debe dicir:

Técnico/a Xestión de Proxectos Vacante c/ reserva de M. ^a Luisa Lista Ameneiro	A1	1.1.70.2	24
---	----	----------	----

12. Modificar as Comisións Informativas Permanentes vinculadas e as súas atribucións, para adaptalas á nova estrutura, quedando estas como segue:



**Deputación
DA CORUÑA**

- **Comisión de Sectores Productivos Mar e Medio Rural**, coas atribucións seguintes:

Fomento e promoción de temas relacionados cos distintos sectores produtivos, apoio e protección ao sector pesqueiro, acuicultura e cultivos mariños, fomento agropecuario, agricultura, gandería, fomento do asociacionismo. Asemade, asuntos relacionados coa prestación e desenvolvemento de servizos supramunicipais ou comarcais, sinaladamente os Grupos de Emerxencias Supramunicipais e Protección Civil. Así mesmo, todo o relativo as axudas en materia de socorrismo.

A presidenta da dita comisión é a deputada Cristina Capelán Cancelo, do Grupo Provincial Socialista.

A secretaría estará asignada á xefatura de Sección de Promoción Económica e Sectores Productivos.

- **Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica, Cooperación e Transición Ecolóxica**, coas seguintes atribucións:

Enerxía, transición ecolóxica, cambio climático e crecemento sostible, mobilidade, reto demográfico, fixación de poboación, desenvolvemento rural, estratexias territoriais, plans e programas de fomento do emprego, emprendemento, proxectos con financiamento europeo, apoio ao tecido empresarial, desenvolvemento cara ao exterior e internacionalización dos sectores produtivos, migración, solidariedade internacional, axudas ao desenvolvemento e ODS, planificación estratéxica, etc. Ademais, estudará, con carácter residual, todos aqueles asuntos non atribuídos expresamente a outra comisión informativa permanente.

A presidenta da dita comisión é Rosa Ana García López, do Grupo Provincial Socialista.

A secretaría de dita comisión estará asignada á xefatura de servizo de Desenvolvemento Territorial, Promoción Económica, Emprego e Transición Ecolóxica.

De realizarse todas as modificacións propostas, **a estrutura do Servizo de Desenvolvemento Territorial, Sectores Productivos, Emprego Sostible e Transición Ecolóxica, quedaría como segue:**

SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL, SECTORES PRODUCTIVOS, EMPREGO SOSTIBLE E TRANSICIÓN ECOLÓXICA			
POSTO	CATEGORÍA DO POSTO	CÓDIGO DE POSTO	NIVEL
Xefatura de Servizo Desenvolvemento Territorial, Emprego Sostible e Transición Ecolóxica Manuel Vázquez Sesmonde	A1	1.1.349.1	29 Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total
1.SECCIÓN DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA E COOPERACIÓN			



Xefatura de Sección de Transición Ecolóxica e Cooperación José Manuel Sambad Mato	A1/A2	1.1.350.1	25 Libre dispoñibilidade
Xefatura de Departamento de Transición Ecolóxica e Cooperación Nuria Rodríguez González	A1	1.1.70.3	24
Técnico/a de Xestión de Admón. Xeral Ángeles Fernández Purriños	A2	1.1.178.23	22
Técnico/a de Xestión de Admón. Xeral Manuel Mariño Blanco	A2	1.1.178.20	22
Administrativo/a de Admón. Xeral Yolanda Maquieira Vales Comisión de Servizos	C1	1.1.15.57	20
2.SECCIÓN DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E COORDINACION DE PROXECTOS			
Xefatura de Sección de Desenvolvemento Territorial e Coordinación de Proxectos María Luisa Lista Ameneiro	A1/A.2	1.1.352.1	25 Libre dispoñibilidade
Xefatura de Departamento de Desenvolvemento Territorial e Coordinación de Proxectos María del Carmen Villar Rodríguez	A1	1.1.70.4	24
OTE/Técnica en Planificación Enerxética María Rosario Méndez Gil	A1	1.1.458.1	24 Libre dispoñibilidade
OTE/Técnico en Enerxías Renovables Vacante (con reserva por servizos especiais de José Manuel Golpe Acuña)	C1	1.1.459.1	21 Libre dispoñibilidade Condución habitual
OTE/Administrativa Admón. Xeral Eva Ríos Silveira	C1	1.1.15.222	20 Atención continua ao público
Técnico/a de Xestión de Proxectos Vacante c/ reserva de María Luisa Lista Ameneiro	A1	1.1.70.2	24



Técnico/a de Xestión de Proxectos María del Pilar Piñeiro Filgueira	A1	1.1.46.1	24
Técnico/a de Xestión de Proxectos Vacante	-	-	-
Técnico/a de Xestión de Admón. Xeral Cristina Méndez Gallart	A2	1.1.178.59	22
3.SECCIÓN DE PEL / EMPREGO SOSTIBLE			
Xefatura de Sección de PEL/ Emprego Sostible Vacante	A1/A.2	-	-
Xefatura de Departamento de PEL/ Emprego Sostible María Esther Reillo Martín	A1	1.1.70.7	24
Técnico/a de Xestión de Proxectos Cristina Villadóniga Martín Interinado c/ reserva de Alba López Picos	A1	1.1.70.6	24
Técnico/a de Xestión de Proxectos Sofía Sanesteban Beceiro	A1	1.1.70.8	24
Técnico/a de Xestión de Proxectos José Carlos Díaz García Interinado	A1	1.1.70.9	24
Técnico/a de Xestión de Admón. Xeral María José Coira	A2	1.1.178.58	22
Administrativo/a Admón. Xeral Carmen Bermúdez Rivas Interinado c/ reserva de Lelia Rumbo Rigal	C1	1.1.15.217	20
3. SECCIÓN DE SECTORES PRODUCTIVOS MAR E MEDIO RURAL			
Xefatura de Sección de Sectores Productivos Mar e Medio Rural Dolores Sánchez González	A1/A2	1.1.351.1	25 Libre dispoñibilidade
Xefatura de Departamento de Sectores Productivos Mar e Medio Rural Cristina Ballesteros Longueira Comisión de Servizos c/reserva de Paula Romay	A1/A2/B/C1	1.1.220.1	22 Libre dispoñibilidade (a transformar)
Técnico/a de Xestión Admón Xeral María López Boado	A2	1.1.178.30	22



Auxiliar Admón. Xeral Noemí Casas Pedreira Interinado	C2	1.1.3.132	17
--	----	-----------	----

A Coruña, na data da súa sinatura electrónica

Cristina Capelán Cancelo
Deputada

Rosa Ana García López
Deputada

Conforme:
Valentín González Formoso
Presidente

DEPUTADO DE FACENDA, RECURSOS HUMANOS E AVANCE DIXITAL